Proxecto Europeo “Health4EUkids”. Reunión do grupo de traballo

Tempo estimado de lectura: 3 min 45 seg

Autor: **Xanela Aberta á Familia**



Os días 5 e 6 de outubro de 2023, a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade organizou, nas súa instalacións de Santiago de Compostela, unhas xornadas de traballo no marco do proxecto europeo “Health4EUkids”. Este evento reuniu expertos en saúde pública de diversos países da Unión Europea implicados no desenvolvemento do proxecto, co obxectivo de compartir experiencias e boas prácticas.

Un dos focos principais das xornadas foi reproducir a boa práctica realizada no barrio de Grünau, na cidade de Leipzig (Alemaña), onde se desenvolve o programa “Grünau Moves”. Esta iniciativa busca implementar medidas de acción comunitaria en poboacións vulnerables para mellorar os hábitos de vida, fomentar contornas máis saudables e reducir a obesidade infantil. O proxecto é un exemplo de enfoque participativo, intersectorial e de equidade na comunidade, centrándose na redución dos chamados “ambientes obesoxénicos” e no aproveitamento das oportunidades que as contornas saudables ofrecen.

Representación e organización

A subdirectora xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudable e a xefa do Servizo de Estilos de Vida Saudable e Educación para a Saúde foron as encargadas de dar a benvida aos participantes, que asistiron tanto presencial como telematicamente. No proxecto “Health4EUkids” participan países como Grecia, Bélxica, Croacia, Finlandia, Hungría, Italia, Lituania, Malta, Polonia, Portugal, Eslovenia e España. No caso de España, están representadas varias comunidades autónomas, entre elas Galicia, Andalucía, Cantabria, Comunitat Valenciana, Illes Balears e País

Vasco.

Traballos realizados

Durante as xornadas, analizouse a situación actual do proxecto e os avances do grupo de traballo. Entre os temas tratados destacaron:

- Aprobación dunha guía para a aplicación de boas prácticas.
- Presentación das accións realizadas nas distintas rexóns participantes.
- Realización dunha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) das intervencións, co obxectivo de identificar puntos de mellora e enriquecer futuras accións.

Galicia como exemplo

En Galicia, o concello elixido para desenvolver esta experiencia foi Ponteareas, onde se está a implementar o proxecto para promover hábitos de vida saudables e previr enfermidades non transmisibles. Esta iniciativa está aliñada co plan "Obesidade Zero en Galicia", promovido pola Consellería de Sanidade, que busca reducir a obesidade na poboación galega.

Proxecto europeo

"Health4EUkids" é unha Acción Conxunta cofinanciada pola Comisión Europea a través do programa EU4Health. Este proxecto busca fomentar estratexias de saúde innovadoras e colaborativas que impulsen unha mellora sostible nas condicións de vida das comunidades participantes, poñendo o foco nas poboacións infantís e vulnerables.

As xornadas en Santiago de Compostela destacaron como un espazo de intercambio de ideas e aprendizaxes que, sen dúa, contribuirán a fortalecer as accións para mellorar os estilos de vida saudables en Europa.

- **Ligazón entrevista á subdirectora de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudable:** https://www.youtube.com/watch?v=hbNGRTbw8HQ
- **Ligazón vídeo das xornadas:** https://cartafol.sergas.es/index.php/s/CQjdEoSAKCWYcNS (O contrasinal é "REGAPS")
- **Ligazón nota de prensa Xunta:** https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/83827/conselleria-sanidade-reune-especialistas-saude-publica-12-paises-para-poner-comun
- **Ligazón noticia europea:** https://www.dypede.gr/2023/10/12/santiago-de-compostela-

october-6-2023-the-ministry-of-health-brings-together-public-health-specialists-from-12-countries-to-share-tools-against-childhood-obesity/

